



PLAN DIXITAL

[CEIP AS GÁNDARAS]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Ceip As Gándaras (27006292)
- Rúa Virxe da Soidade s/n 27003 Lugo
- ceip.asgandaras@edu.xunta.gal
- <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasgandaras/>
- Etapas educativas: Educación Infantil (3 unidades) e Primaria (6 unidades)
- Nº alumnado:130
- Profesorado: 18, dos cales o 80% é definitivo no centro

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O CEIP As Gándaras é un centro de E. Infantil e Primaria de carácter público, situado na área periférica do concello de Lugo, dirección NVI, entre o polígono industrial do CEAO, o polígono Industrial das Gándaras e o Hospital Universitario Lucus Augusti, no barrio chamado As Gándaras. O barrio das Gándaras presenta un contraste de poboación, por unha banda familias que viven en casas unifamiliares, familias que viven nos edificios de vivendas sociais e despois por outra banda, alumnado transportado de zonas do rural.
- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23:* O presente Plan influirá no desenvolvendo do Plan de Atención á Diversidade, proporcionando os equipos necesarios para a compensación da fenda dixital e fomentando a formación do profesorado. No Plan Lector con recursos para a investigación e lectura a través de medios dixitais. Para o desenvolvemento e dinamización da biblioteca a través da dixitalización dos libros do fondo co Proxecto Meiga.
- Este Plan será engadido ao Proxecto Educativo e tamén nas Programacións Xerais Anuais. Non todos os obxectivos poderán desenvolverse, en caso de non recibir os medios solicitados e as melloras na infraestrutura a evolución do Plan Dixital será máis lenta.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

- ✓ Novembro: Composición dos membros participantes do PFPP e primeiros contactos entre a coordinadora co mentor do equipo ADIX.
- ✓ Decembro: Activación da aplicación SELFIE e elaboración de preguntas personalizadas. Comezo do SELFIE por parte do profesorado seleccionado e polo alumnado de 5º e 6º de primaria. Valoración dos resultados do Informe SELFIE.
- ✓ Marzo: Elaboración do test CDD no que se recolle o perfil do profesorado en relación a súa competencia dixital.
- ✓ Abril: Despois dunha formación previa cos mentores ADIX, e tendo como base o informe SELFIE, elaboramos o matriz DAFO coas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.
- ✓ Maio: Proposta de Obxectivos do Plan de Acción e compartidos na Aula Virtual.
- ✓ Xuño: Elaboración do Plan Dixital

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:* A rede eléctrica é deficiente, con constantes subidas e baixadas de tensión. Conexión por cable no edificio administrativo e principalmente “sen fíos” no edificio principal.
- *Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:*

Edificio Administrativo: Sala de mestres (3 ordenadores + canón + impresora), dirección (1 ordenador + 1 impresora), xefatura de estudos (1 ordenador+1 impresora), secretaria (1 ordenador + 1 impresora).

Edificio principal: Aulas de infantil e primaria (9 portátiles + 9 encerados interactivos), aula de inglés (ordenador + encerado interactivo), aulas de PT e AL (3 portátiles), biblioteca (1 ordenador + 1 impresora), aula informática (20 ordenadores), pavillón (ordenador portátil).
- *Servizos dixitais educativos*

Correo electrónico: O correo electrónico úsase como medio de comunicación interno e externo. As convocatorias de claustro e consello envíanse por este medio, así como as comunicacións con outros centros educativos.

Páxina web: A páxina web foi remodelada este curso, recibimos formación no PFPP para a súa mellora. A páxina web é o medio que temos os centros educativos de presentarnos ao exterior, de aí a importancia de que os responsables da mesma sexan os membros do equipo TIC.

Aula virtual: A aula virtual é usada principalmente como repositorio de actividades. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasqandaras/aulavirtual/>

Abalarmobil e Espazo Abalar é usado para enviar avisos sobre información relevante e para as comunicacións entre titores e familias.

Xade, sistema que axuda a centralizar a xestión académica e administrativa.

Outras aplicacións que usamos no nos centro son: Fondolibros, Xecocentros, Admisiónalumnado, DRD, Persoalcentros, Comedor e TransporteEscolar.

- *Xestión do mantemento do equipamento do centro:* O coordinador TIC é o encargado do mantemento dos ordenadores do centro. Tamén recibimos asistencia técnica externa.
- Aquí poderedes atopar o Plan de continxencia en caso de confinamento e nel recóllense as actuacións para o período lectivo non presencial.
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasgandaras/node/608>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	1.8				
	Profesorado	2.1				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	1.8				
	Alumnado	2.4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.4				
	Profesorado	2				
	Alumnado	2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	2.4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.3				
	Profesorado	2				
	Alumnado	2.3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1.8				
	Profesorado	1.2				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.1				
	Profesorado	1.9				
	Alumnado	2.4				

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>11</u>	<u>12</u>	<u>91,7%</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7%</u>
DESPPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
43,2%	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	37,4	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI	40,8	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>6</u>	<u>35,3%</u>
A2	<u>8</u>	<u>47,1%</u>
B1	<u>3</u>	<u>17,6%</u>
B2		
C1		
C2		
TOTAL	<u>17</u>	<u>100%</u>

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

	INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Si hai dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza. Espazos amplos para o deseño e desenvolvemento das actividades dixitais e tecnolóxicas.	Rede eléctrica antiga e defectuosa. Aula de informática con dispositivos antigos.
	PERSOAL DOCENTE	Si busca recursos educativos dixitais en liña. Si utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro. Horario flexible para deseño e elaboración de actividades dixitais. Plantilla de profesorado estable	Non emprega contornas virtuais de aprendizaxe co alumnado. Insuficiente creación de recursos dixitais propios para reforzar a ensinanza.
	PERSOAL NON DOCENTE	Conserxe implicado e con boa competencia dixital.	
	ALUMNADO	Si participa máis cando utilizan tecnoloxía.	Non aprende a codificar ou programar nin a resolver problemas técnicos. Non aprende a crear contidos dixitais. Elevado número de alumnado con NEAE.
	FAMILIAS	A maioría das familias conta cun dispositivo móbil para recibir comunicacións ou visitar a páxina web.	Baixa inqueda pola implantación ou participación do centro en programas dixitais ou de innovación.
	OFERTA	Suficientes oportunidades de DPC no relativo á aprendizaxe en tecnoloxías.	Non se participa en programas dixitais como Edixgal.

	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Suficiente apoio ao profesorado para que explore novas formas de ensinanzas con tecnoloxías dixitais. Horario flexible para a implementación de sesións na aula de informática.	Non existe unha estratexia dixital.
--	-------------------------------	--	-------------------------------------

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Implementación de máis aplicacións corporativas que facilitan a eficiencia.	Falta de investimento na mellora da instalación eléctrica por parte do concello ou da administración educativa. Ratio baixa que pode influír no futuro peche de unidades do centro e diminución do persoal docente.
	LEXISLACIÓN	A Administración educativa aposta polo investimento para a dixitalización dos centros.	Cambios normativos frecuentes.
	CONTORNA	Esta considerado como prestixio social unha boa competencia dixital	Nivel socioeconómico medio-baixo, baixo investimento en dispositivos axeitados para o ensino-aprendizaxe.
	ANPA	Interese pola dixitalización no ensino	
	OUTRAS ENTIDADES	Suficiente oferta e cursos programados de forma anual no Plan de Formación.	Apertura dun centro novo a pouca distancia con instalacións e equipamento actualizado.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O primeiro dos obxectivos pon o foco na mellora das comunicacións pero ao mesmo tempo tamén pretendemos transformarnos nunha organización máis sustentable co medio ambiente, por iso imos instaurar o uso de AbalarPro e Abalamobil como medio principal de comunicación e informacións coas familias.

Para o obxectivo referido a Formación continua tomamos como punto de partida os resultados do Test CDD, consideramos importante seguir incidindo na formación do profesorado en relación á mellora da competencia dixital. Posto que unha das debilidades que se presentan no noso centro é a falta de participación en programas dixitais, o equipo directivo promocionará e divulgará en claustros os cursos de formación ofertados en FProfe.

Durante o desenvolvemento do PFPP o claustro recibiu formación sobre EDIXGAL, a pesar de que aínda non hai iniciativas para pór en marcha este programa, o equipo directivo procurará de forma bianual traer ao centro experiencias do desenvolvemento do mesmo noutros centros escolares. Mentras non se implementa no noso centro estes últimos programas, imos fomentar o uso da Aula de informática ou Aula de informática móbil, para iso será necesario actualizar os recursos solicitando ordenadores portátiles e mellorando as conexións do centro. Unha vez se leven a cabo estas melloras, estableceremos un calendario de uso dos mesmos por parte do alumnado.

Neste mesmo senso consideramos que o uso da Aula Virtual debe proseguir, durante os tempos de pandemia levouse a cabo un esforzo por parte do profesorado para estar ao día desta ferramenta, polo que será función do profesorado a actualización e uso da mesma.

Finalmente fixemos referencia á importancia de revisar e pór a punto os ordenadores ao comezo de cada curso escolar, deste xeito establecemos un responsable para levar a cabo esta acción así como un calendario definido, así o profesorado saberá cando debe gardar toda a documentación que se atopa nos ordenadores de uso común.

As accións e a temporalización destas así como os responsables de levalas a cabo serán os xa citados na táboa do Plan de Acción.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Rede eléctrica deficiente, con constantes subidas e baixadas de tensión. Isto repercute na conectividade e no deterioro dos recursos, pois os ordenadores estréganse por culpa destes fallos. Neste caso resulta prioritario unha reforma integral da mesma.

A conexión sen fíos non chega ao Edificio Administrativo.

As aula de AL e PT precisan encerados dixitais.

Os ordenadores da aula de informática son moi antigos e están desactualizados, necesarios 20 ordenadores portátiles para a Aula de Informática Móbil.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: LIDERADO (A)						
OBXECTIVO 1: (1)	Instaurar o uso da ferramenta AbalarPro (móbil) /Espazo Abalar como medio de comunicación e información coas familias.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Enquisa porcentaxe de comunicacións emitidas por medio da ferramenta Abalar.					
Valor de partida: (3)	25% das comunicación vía Abalar					
Valor previsto e data: (4)	85% das comunicación vía Abalar			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Promoción entre o persoal docente da canle a empregar	Equipo Tic: Secretaria/Ana/Coord.	13 de setembro	Manual AbalarPro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Detección de necesidade de formación para impartir sesións individualizadas por parte do equipo TIC	Equipo Tic: Secretaria/Ana/Coord.	20 de setembro	Lista de persoas que non saben como usar Abalar Manual AbalarPro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Recollida de datos actualizados das familias nas entrevistas e reunións de inicio de curso.	Titores	27 de setembro	Ficha de datos: correo electrónico/número de móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Comprobación e/ou modificación dos datos facilitados por parte da familia en XADE (mirar informe predefinido xade)	Secretaría	30 de setembro	Ficha de datos: correo electrónico/número de móbil		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Promoción para a descarga (familias) da aplicación AbalarMóbil na reunión grupal de inicio de curso.	Titores	30 de setembro	Impreso facilitado polo centro co Código QR ou co enlace a Google Play ou AppStore		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6: Testado de participación mediante a resposta dunha mensaxe enviada a principio de curso.	Titores	25 de outubro	Modelo elaborado polo centro para que os titores envíen ás familias. Lista de familias que responderon.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)						
OBXECTIVO 2: (1)	Promover a participación en cursos de formación permanente relacionados coa mellora da competencia dixital cada curso				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% de profesorado que participa en cursos de formación en competencia dixital					
Valor de partida: (3)	25% do profesorado					
Valor previsto e data: (4)	50% do profesorado			20 de xuño de 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Difusión entre o persoal docente dos cursos relacionados coa competencia dixital ofertados en FProfe cada trimestre.	Director/xefatura	Reunión claustro trimestral	Control da oferta en FProfe Relación de actividades superadas na Memoria Anual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Promoción de formación para o profesorado relacionada con Moodle e a Aula Virtual	Director/xefatura	Reunión claustro trimestral	Control da oferta en FProfe Relación de actividades superadas na Memoria Anual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Disponibilidade horaria para o persoal que imparte titorías internas sobre o uso da Aula Virtual	Director/xefatura	5 de setembro	Horarios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Información das características principais dos PFPP así como dos prazos de presentación	Director/Xefatura	Reunión claustro 1º trimestre	Resolución da secretaría xeral		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRASTRUTURAS E EQUIPOS (C)						
OBXECTIVO 3: (1)	Actualizar os recursos para a aula de informática e a Aula de informática móbil				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de recursos informáticos adquiridos					
Valor de partida: (3)	Ningún ordenador					
Valor previsto e data: (4)	20 ordenadores			20 de xuño de 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Solicitud de ordenadores portátiles e encerado interactivo á Xunta	Equipo directivo	Setembro	Modelo de solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Revisión resultados informe OCA	Equipo directivo	Setembro	Informes		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Solicitud de mellora da rede eléctrica á Xunta (infraestructura/industria)	Equipo directivo	Setembro	Modelo de solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNO (H)						
OBXECTIVO 4: (1)	Usar a Aula Virtual como repositorio de contidos				Acadado	
Responsable:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Contidos achegados á aula virtual					
Valor de partida: (3)	0 contidos					
Valor previsto e data: (4)	1 contido trimestral			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Actualización da Aula Virtual, cambiando ao alumnado de grupo e asociando a cada titor cos cursos.	Equipo TIC	8 de Setembro	Listaxe actualizado usuarios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Uso dalgunha das ferramentas da Aula Virtual unha vez en cada trimestre	Claustro	22 de Xuño	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)						
OBXECTIVO 5: (1)	Mellorar a competencia dixital do alumnado				Acadado	
Responsable:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de sesións que acudiron os alumnos á aula de informática					
Valor de partida: (3)	0 sesións					
Valor previsto e data: (4)	1 sesión mensual			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Elaboración dun calendario para acudir á aula de informática con horas reservadas para 3º, 4º, 5º e 6º	Equipo TIC	Setembro	Horario anual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Deseño de actividades dixitais ou informáticas: texto, presentacións, correo electrónico, actividades interactivas... para ser realizadas co alumnado	Titores	Xuño	Memoria anual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPO (C)						
OBXECTIVO 6: (1)	Actualizar e por a punto os recursos da aula de informática e sala de mestres				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Enquisa de satisfacción trimestral do claustro					
Valor de partida: (3)	0/5					
Valor previsto e data: (4)	4/5			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Actualización, descarga de servizos ofimáticos abertos e posta a punto dos equipos da aula de informática	Coord. TIC	Todo o curso	Paquete LibreOffice		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Establecemento dun horario que lle permita ao coordinador a posta a punto diaria dos equipos da aula de informática	Xefatura	Setembro	Horario con horas de garda (primeiras horas) no calendario anual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Limpeza dos ordenadores de uso común da sala de mestres para correcto funcionamento en setembro	Equipo TIC	Xullo	Comunicado de eliminación de elementos para que cada mestre proceda a descargar nunha memoria externa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) INDICADOR: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

(3) VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) DESCRICIÓN: Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) RESPONSABLES: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) DATA PREVISTA FIN: Data concreta na que está finalizando a acción completamente.

(8) RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) ESTADO: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será mensual nas reunións de claustro, nas que dedicaremos unha parte da mesma a compartir como se está desenvolvendo cada un dos obxectivos. Trimestralmente, a reunión final amosará a consecución dos obxectivos marcados.
- No contexto da **avaliación final** esta levarase a cabo ao finalizar o curso académico, podendo incluír as modificacións oportunas así como propostas de mellora que permitan levar con éxito futuras intervencións.

5. Difusión do plan

Existirán tres vías principais para a presentación e difusión do Plan Dixital ao comezo do curso:

- A reunión de claustro de profesorado en setembro na que se lle presentará ás mestras e mestres dito plan.
- A reunión de consello escolar que se levará a cabo a finais de setembro principios de outubro na que toda a información do plan será presentada aos asistentes.
- A través da páxina web do centro estará dispoñible xunto co resto de documentos oficiais e novidades do centro.